

COMUNICADO Nº 136/23

26 DE XUÑO DE 2023

ACLARACIÓN SOBRE A VALIDEZ DAS LICENCIAS DE PILOTO E COPILOTO DOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS

A Federación Galega de Automobilismo quere saír ao paso das inxustificadas e non veraces afirmacións en distintas redes sociais de varios pilotos que afirmaron, despois do Rallymix de Piñor e en anteriores ocasións, que non se lles permite puntuar nos Campionatos Galegos pola súa condición de non galegos.

Todos os pilotos e copilotos que participen en probas en Galicia (aínda que non residan en territorio galego) con licencia autonómica galega puntuarán e optarán aos títulos nas distintas modalidades.

No caso de competir cunha licencia doutra autonomía coa que se teña convenio, o piloto ou copiloto poderán participar, pero en ningún caso optarán aos puntos e aos títulos autonómicos, tal e como sucede no resto de Comunidades.

Nos campionatos considerados “Open”, Autocross e Karting en Galicia (categorías de promoción), estes pilotos con licencia doutra autonomía (sempre que están no convenio) poderán participar e puntuar nos certames.

Unha vez máis dende a Federación Galega falamos cos implicados neste tipo de críticas sen fundamento e que fallan a verdade para explicarlles a situación, aínda que á vista dos últimos comentarios días despois, semella que o problema radica en non ler os regulamentos antes de comezar unha competición e non querer acatar a normativa.